



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

PLANO ESTRATÉXICO DA UDC **PROGRAMACIÓN PLURIANUAL** **2009-2010**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

INTRODUCCIÓN

A programación plurianual e os planos operativos anuais que dela se derivan son os instrumentos mediante os que se incorporan aos orzamentos da institución as previsións económicas derivadas das actuacións programadas no plano estratéxico. O Plano Estratéxico 2005-10 da Universidades da Coruña (UDC) establece que a súa programación plurianual debe abordar as seguintes cuestións:

- Estimación dos ingresos e dos gastos correspondentes ás principais partidas orzamentarias durante a vixencia do Plano Estratéxico.
- Plano xeral de investimentos a realizar, con indicación dos destinados á docencia e a investigación, e fontes de financiamento dispoñibles.
- Previsións sobre a evolución dos efectivos docentes, investigadores e de persoal de administración e servizos.

A aprobación da programación plurianual atribúese no Plano Estratéxico ao Consello de Goberno e ao Consello Social. Ademais, na modificación dos Estatutos da UDC de 11 de outubro de 2007 (DOG de 17 de outubro) incorporouse ás competencias do Claustro a de "Aprobar a planificación estratéxica e as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria" (Art. 25.2.j).

Na Planificación Plurianual 2007-08 do Plano Estratéxico da UDC estableceuse que o segundo período de planificación fose o bienio 2009-10. É evidente que o contorno económico para este segundo bienio mudou significativamente, obrigando a revisar as previsións respecto da evolución de variables relevantes, como as de inflación, tipos de xuro ou variación dos orzamentos públicos. Precisamente a evolución dos ingresos públicos ten unha incidencia directa sobre os orzamentos das universidades galegas, pois no Plano de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (SUG) establécese a evolución dos fondos máis importantes (suman máis do



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

80% das transferencias) en función da variación dos ingresos non financeiros da Xunta de Galicia.

A vixencia do Plano de Financiamento 2005-10 para o ano 2009 é un feito, a pesares da intención política publicamente manifestada e os contactos mantidos para a súa renegociación en 2008, trasladada polo Presidente da Xunta de Galicia na inauguración do curso 2008-09 do SUG ao primeiro semestre de 2009. Nese mesmo acto anunciouse que se adiaba o obxectivo de gasto do 1% do PIB en Universidades (en 2008 atopámonos en torno ao 0,7%), ata o ano 2015. A dotación adicional de 15 millóns de euros para o Sistema nos orzamentos de 2009 podería encadrarse na cláusula de revisión do Plano para avaliar o custo da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), aínda que só compensa parcialmente a redución dos ingresos respecto das previsións anteriores.

O contrapeso ao deterioro do contexto económico témolo nunha economía interna reforzada, como consecuencia do saneamento efectuado, unido a outros factores como a favorable evolución da matrícula ou a consecución de financiamento para investimentos en convocatorias competitivas. A diagnose global, tendo en conta tanto factores externos como internos, é que, malia o contexto desfavorable, o rigor orzamentario dos últimos exercicios xerou capacidade para seguirmos avanzando no próximo bienio no reto da adaptación ao EEES cun programa de investimentos en recursos humanos e infraestruturas. Non obstante, isto non pode facer esquecer as importantes necesidades da institución: existe un déficit histórico de infraestruturas que só se poderá enxugar dispoñendo de financiamento específico, e os recursos por estudante nos sitúan na cola das universidades do Estado, cun 73% da media estatal nas transferencias da administración educativa por estudante, segundo os últimos datos dispoñibles.

Ao inicio do seguinte epígrafe descríbense os equilibrios orzamentarios previstos dende unha perspectiva cualitativa e dinámica, para pasarmos de seguido a analizar as evolucións esperadas das principais partidas de ingresos e de gastos. Os dous epígrafes posteriores recollen o plano de investimentos en docencia e investigación, e a evolución prevista do persoal docente e investigadores (PDI) e de administración e servizos (PAS).



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

EVOLUCIÓN PREVISTA DAS PRINCIPAIS PARTIDAS ORZAMENTARIAS

No exercicio 2009 as transferencias correntes da Xunta de Galicia experimentarán unha evolución semellante ao crecemento do IPC. En cambio, a contribución doutros ingresos correntes, como os procedentes de matrículas, é superior á esperada. Aínda así, a principal fonte de fondos que permite avanzar na adaptación ao EEES é a aplicación da parte principal dos recursos propios dispoñibles. Deste xeito será posible afrontar os incrementos previstos de persoal (PAS e PDI) e investimentos en infraestruturas, ao tempo que se mantén o compromiso de crecemento das bolsas e se evita recorrer ao suposto de incrementos nos prezos públicos para equilibrar as contas.

En canto ao exercicio 2010, a UDC pode garantir a continuidade da súa actividade corrente sen restricións significativas, incluso no escenario desfavorable (persistencia da diminución dos ingresos non financeiros da Xunta e ausencia de desenvolvemento do Plano de Financiamento) , aínda que nese caso sería necesario asumirmos unha desaceleración das políticas de investimentos e de contratación de persoal. Para garantirmos esta situación, deberán reporse os recursos propios dispoñibles a partir da porción non aplicada en 2009 e dos recursos xerados no exercicio 2008.

INGRESOS

O seguinte cadro resume a evolución prevista no Plano de Financiamento do SUG 2005-2010 das transferencias que a UDC recibe da Xunta de Galicia por distintos conceptos:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

Concepto		2008	Variación anual 2009-10
Financiamento incondicionado		77.462.089	Variación Ingresos non fin. Xunta
Fondo de calidade	Sexenios e comple.	3.324.386	16%
	Contratos programa	1.023.525	
	Apoio á investigación	1.844.051	
Investimentos		6.106.283	Constante
Fondo de nivelación		3.805.588	Ingresos non financeiros +1%
Prazas vinculadas SERGAS		1.015.000	Variación retribucións
Financiamento INEF		3.096.132	3%

No actual escenario de variación negativa dos ingresos non financeiros da Xunta de Galicia, o seu Presidente anunciou o compromiso para 2009 de asignar ao SUG 15 millóns de euros por enriba da dotación de 2008. O efecto global traduciríase para a UDC nunha variación das transferencias de arredor dun 4%, claramente inferior ao crecemento dos gastos correntes. Para o ano 2010 "comprometeu así mesmo que na primeira parte do próximo ano se vai adiantar a revisión do actual sistema de financiamento e que o orzamento universitario vai medrar por enriba do PIB".

Segundo se avanzou anteriormente, o resto dos ingresos correntes terán unha evolución favorable respecto das previsións, contribuíndo a paliar parcialmente o efecto desfavorable da revisión das expectativas respecto do plano de financiamento. É de salientar a evolución do capítulo 3 de ingresos, que na liquidación de 2007 acadou os 17,3 millóns de euros, grazas sobre todo á boa evolución da matrícula (os alumnos de nova entrada subiron nun 3%). En consecuencia cabería esperar, aínda asumindo a conxelación das taxas académicas, que este capítulo se situase arredor dos 18,5 millóns o próximo ano, e que superase os 19 millóns o seguinte. No mesmo senso actúa o capítulo 5, no que as previsións se revisan axustándose ao efectivamente recadado no exercicio 2008 (un millón de euros).




UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

Non obstante, a evolución das partidas anteriores non abondaría para afrontar as políticas de investimento en recursos humanos e en infraestruturas que se expoñen nos seguintes apartados, de non ser pola existencia de recursos propios que permiten financiarlas e respaldalas. A aplicación maioritaria do remanente de tesourería non afectado actualmente dispoñible, duns 9 millóns de euros, producirase no exercicio 2009. Estímase que cunha reserva próxima á metade da cantidade aplicada en 2009, máis os recursos que se están a xerar ao longo do ano 2008, poderase manter un nivel de recursos no exercicio 2010 que garanta a continuidade das actuacións.



GASTOS

O principal capítulo de gasto, os gastos de persoal, que absorben o 65% do orzamento da UDC, analízanse polo miúdo no epígrafe "Previsións sobre a evolución de PDI e de PAS". Nel se sitúa o crecemento do capítulo nun 5% en 2009. En canto ao ano 2010, o incremento chegaría ao 10% de manterse o ritmo de crecemento dos efectivos, mentres que no escenario orzamentario desfavorable, que esixiría unha desaceleración do programa, situaríase nun 7,5%.

No próximo epígrafe desenvólvese o plano de investimentos. Cómpre advertir que se toman como bases o escenario orzamentario actual para o exercicio 2009 e a



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA




plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

reiterada hipótese de prudencia para o ano 2010. Isto significa que se podería incrementar aínda máis o esforzo inversor pola mellora da coxuntura económica, o desenvolvemento da cláusula de revisión do Plano de Financiamento actual para a adaptación ao EEES ou a renegociación do Plano. Tampouco están orzadas as posibles concesións de financiamento privilexiado achegas finalistas, malia que a experiencia recente (nas convocatorias de FEDER, Anticipos reembolsables e Parques tecnolóxicos) invita a ter boas expectativas a este respecto. No orzamento de 2008 incluíanse 2,4 millóns en concepto de anticipos reembolsables para o parque tecnolóxico que non aparecen no orzamento de 2009, pero, aínda así, o investimento en equipamentos materiais incrementaranse nunha cantidade superior a esa cifra.

O esforzo inversor financiado con fondos propios orientarase fundamentalmente ás infraestruturas docentes e complementarias: adaptación ao EEES, servizos universitarios e dotacións residenciais, culturais e deportivas. No caso das infraestruturas de investigación, o peso recae sobre o financiamento finalista acadado. Ademais, reforzaranse os programas propios para o apoio a grupos de investigación.

En canto ao capítulo de bolsas, mantendo o compromiso de crecemento por riba do xeral do orzamento, o cal garante un crecemento superior ao 13% no bienio, as actuacións focalizaranse especialmente na promoción da mobilidade.





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

PLANO XERAL DE INVESTIMENTOS

DOCENCIA

O Plano de Intensificación da Adaptación ao EEES supuxo uns investimentos de 2,2 millóns de euros nos centros da nosa Universidade. O obxectivo é reforzar estas actuacións, con investimentos superiores no próximo bienio.

Entre as novas infraestruturas destaca o novo centro da Área Tecnolóxica (ampliación da Facultade de Informática e da Escola de Enxeñería de Camiños). Do proxecto global, que é modular e ocupa uns 20.000 m², inicialmente estase a licitar un módulo de 4.000 m², para o que aos 0,9 millóns dispoñibles no orzamento de 2008 engádense 3 millóns adicionais en 2009-10.

Tamén é modulable o proxecto do Campus Center, unha área administrativa, deportivas e de servizos universitarios no campus de Elviña, que poderá acadar os 25.000 m² no seu desenvolvemento total, e que ten asociada a construción do viario paralelo ao ferrocarril (0,8 millóns de euros) que completaría o contorno dese Campus.

Outra infraestrutura con vocación de centralidade no seu campus, neste caso en Ferrol, é o novo Centro Cívico Universitario, destinado a usos administrativos e actividades culturais e deportivas, cuxo equipamento corresponde a este período.

No referente ás infraestruturas residenciais, a Consellería da Vivenda e Solo está a actuar no campus de Elviña. En Ferrol, existe un anteprojecto de reforma para a Residencia Universitaria no antigo cuartel de Sánchez Aguilera, no que o custo da rehabilitación de 3 módulos se estima nuns 6 millóns de euros. Sen renunciar á participación doutras administracións, asúmese que as carencias neste ámbito xustifican a aplicación de fondos propios no proxecto.



En canto a extensión universitaria, cultura e deporte, destaca a remodelación do Centro Cultural de Riazor, un proxecto que está en marcha e que en conxunto absorberá recursos superiores a un millón de euros.

Por último, en 2009 iniciárase un Plano de Renovación de Infraestruturas TIC coa finalidade de preparar a nosa institución para a implantación da administración dixital.

INVESTIGACIÓN

Actualmente están en curso importantes investimentos no Parque Tecnolóxico que se completarán no próximo bienio. Concretamente, están en marcha xa as seguintes actuacións:

- A ampliación do Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC), que está previsto rematar o próximo ano, ten un orzamento de 1,5 millóns.
- A primeira fase da ampliación do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), que tamén deberá completarse en 2009, foi adxudicada en 4,1 millóns, máis un millón adicional para equipamento. O orzamento da segunda fase supera os 2 millóns.
- A obra do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), que se desenvolverá ata 2010, foi adxudicada en 4,3 millóns de euros.

Como se indicou anteriormente, a execución de investimentos deste volume, en relación ao orzamento da UDC, só é posible gracias á existencia de fontes de financiamento finalistas, que son as seguintes:

- 4,1 millóns de euros das convocatorias de anticipos reembolsables da Dirección General de Investigación do MEC.
- 4 millóns de euros de anticipos da convocatorias de parques da Dirección General de Política Tecnolóxica do MEC.
- 2,4 millóns de euros de fondos FEDER.



A pesares da existencia deste financiamento, é imprescindible dispor de fondos propios para respaldalo e complementalo, por varios motivos:

- O financiamento obtido é parcial (70% no caso do FEDER, variable nos outros casos), e é necesario que a institución contribúa cos fondos restantes.
- O financiamento obtido en convocatorias competitivas é un máximo alcanzable, pois está suxeito a condicións moi esixentes de calendario de xustificación que fan que non se poda garantir por completo a execución segundo o previsto.
- En obras desta dimensión e complexidade é inevitable atopar imprevistos na execución, así como significativos gastos complementarios (equipamento, contorno...).

As anteriores actuacións en marcha complementáanse cos seguintes proxectos futuros:

- Ampliación do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) no pavillón do comedor universitario en Ferrol.
- Centro de Innovación Tecnolóxica para a Autonomía Persoal de Maiores e Colectivos Dependentes (ASISTA). Na última convocatoria de parques da Dirección General de Política Tecnolóxica do MEC concedeuse un anticipo de 160.000 € para a redación do proxecto, instando a solicitar axudas para a execución na seguinte anualidade.
- Centro Tecnolóxico do Textil de Galicia. Na mesma convocatoria que no caso anterior concedeuse un anticipo de 94.400 € sobre un gasto total de 160.000 €, remitindo tamén á convocatoria de 2009.

PREVISIÓNS SOBRE A EVOLUCIÓN DE PDI E DE PAS

A seguinte gráfica recolle o comportamento do número de efectivos de PDI e PAS nos último anos (axustado, segundo se pode observar, ás previsións da




UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

Programación Plurianual 2007-08), e a previsión de crecemento dun 10% no próximo bienio:



Este dato de crecemento é compatible coas previsións da anterior programación plurianual. Nela se recollía unha primeira aproximación á cuantificación das necesidades de profesorado da UDC como consecuencia da implantación do EEES (coa conseguinte redución do número de alumnos por grupo), que se estimaba nun 17%. Tamén se identificaba un déficit de PAS non inferior ao 15%. Os últimos datos dispoñibles confirman a prudencia destas estimacións: a ratio profesor/estudante da UDC é inferior nun 20% á media estatal, e o déficit de PAS está preto desta magnitude (a ratio PDI/PAS sitúase na media).

En referencia ao custo, avanzábase un incremento dun 10% anual no bienio 2009-10, e segue a resultar unha estimación razoable se engadimos ao incremento dos efectivos a actualización do custo dos existentes. De todos os xeitos, aínda que esa cifra reflicte o custo en termos de repercusión anual, cabe realizar dous axustes: por un lado, a cobertura de prazas ten unha repercusión orzamentaria plena só no seguinte ano natural; e, por outro lado, a coxuntura actual permite, e mesmo aconsella, axustar a folgura que se viña aplicando na estimación dos custos de



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**
da **universidade**
da coruña 2005-2010

persoal. Como consecuencia destes axustes, o incremento efectivo dos gastos de persoal calcúlase en torno a un 5% en 2009. En 2010, como consecuencia das contratacións anteriores, o incremento situaríase en torno a un 7,5% no contexto orzamentario desfavorable, e incrementaríase noutro 2% de manterse o ritmo de incremento de efectivos.